

GUÍA DOCENTE DE **INSTRUMENTO PRINCIPAL I-VI (CLAVE)**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN											
DISCIPLINA: INSTRUMENTO PRINCIPAL I-VI (CLAVE)											
ESPECIALIDADE	Pedagogía							ITINERARIO	Xeral e da linguaxe musical		
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Individual		
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso		DEPARTAMENTO		Música antiga			
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1h.	
ECTS/CUAD.	6	6	6	6	6	6			Observacións:		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Desenvolvemento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas no instrumento ou voz e coñecemento dos diferentes criterios interpretativos
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuatrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuatrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxía principal dáse coa disciplina de Repertorio con Piano acompañante sendo inherente á súa esencia e existencia. Débese considerar tamén a estratexia de intentar relacionar dentro do posible, o contido propio da materia coa anteriormente mencionada e coa de Música de Cámara, permitindo que as tres se poidan complementar.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T6, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X11, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EP4
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Obter unha formación práctica, teórica e metodolóxica que permita o perfeccionamento das capacidades artísticas, musicais e técnicas, para abordar interpretación do repertorio máis representativo do clave.	Todas
Interpretar as obras segundas convencións musicais, rítmicas e estilísticas que procedan	Todas
Desenvolver una boa articulación e produción do son.	Todas
Desenvolver os propios criterios estéticos, sensibilidade, recursos expresivos, creatividade e capacidade de autocrítica.	Todas

4. CONTIDOS
Técnica
Virxinalistas
Música francesa



Estilo italiano/ ibérico
Música alemana
Estilo clásico/ Empfismkeit

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases prácticas	Presenciais	Todo o cuadrimestre
Audicións	Presenciais	Ao longo do cuadrimestre
Traballo persoal	Non presenciais	Todo o cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*